

**NUMAX
NA ESCOLA**

A MULLER DA MONTAÑA

[Benedikt Erlingsson, 2018]

**UNIDADE
DIDACTICA#04**

A muller da montaña



Halla é unha muller intimamente unida á montaña e a natureza islandesa e por tanto, como ben destaca o título de lanzamento internacional —*Woman at War*—, é unha muller en guerra. A súa guerra non se libra contra ningunha persoa, nación ou estado concreto, senón contra un sistema de produción e consumo que explota os recursos naturais sen preocuparse polas consecuencias sobre o futuro do planeta. En concreto, o plan de expansión dunha fábrica de produción de aluminio ameaza con modificar irreversiblemente o abraiante medio natural islandés, un ecosistema fráxil e

único que se caracteriza pola súa natureza volcánica, clima ártico e especies de flora e fauna endémicas. Trátase ademais das terras onde viviron e traballaron os devanceiros de Halla, labregos e gandeiros cuxas formas de vida se atopan inevitablemente unidas aos outeiros e montañas das terras altas de Islandia.

Ante o inminente risco para o ecosistema local, a nosa protagonista, que leva unha vida «oficial» totalmente respectada como directora dun coro en Reikiavik, decide pasar á acción e acomete unha unha serie de sabotaxes ao tendido eléctrico

sen poñer en risco a integridade da poboación coa finalidade de amedrentar os investidores asiáticos que están a piques de visitar a factoría. As accións, acometidas cunha audacia e destreza que nos lembran os mellores filmes bélicos e de aventuras, acadan axiña un grande impacto mediático e provocan a reacción do aparello político e policial islandés, cun forte dispositivo para dar coa misteriosa sabotadora.

Nunha liña de acción paralela, adubada ao igual que a principal pola presenza dunha banda de música balcánica que se introduce na propia escena, coñecemos a Asa, irmá xemelga de Halla. Idénticas no aspecto físico —ambas interpretadas con grande acerto por Halldóra Geirharðsdóttir—, as irmás teñen maneiras antagónicas de levar á praxe o seu activismo político. Asa bota man das culturas orientais para procurar a paz interior, namentres Halla cre na acción directa para concienciar a poboación. Unha vez iniciada a espiral activista, Halla recibe a noticia de que lle foi aprobada a solicitude de adopción dunha nena ucraína, Nika, á que debe recoller en poucos días.

As dúas liñas narrativas conflúen no frenético treito final d'*A muller da montaña*, no que o cerco policial estreita sobre Halla ao tempo que a súa irmá, nun

brillante exercicio de suplantación, se ofrece a permanecer en prisión namentres a nosa heroína consegue viaxar a Ucraína e rescatar a pequena Nika. Nunha poética e suxestiva secuencia derradeira, vemos como unha inundación obriga a nai e filla adoptiva a descender do autocar e continuar a pé cara a un destino incerto. Esa mesma incerteza á que estamos a someter o planeta coa utilización de combustibles fósiles e a emisión de gases de efecto invernadoiro é da que *A muller da montaña* nos quere alertar. Non temos un planeta B nin hai dicotomía posible entre desenvolvemento económico e futuro sostible. Ou actuamos xa, no eido cotián pero tamén no político e económico, ou as consecuencias sobre o medio natural non han ter marcha atrás.

A finais de 2018, *A muller da montaña* chegaba ás salas españolas tras arrasar en festivais de todo o mundo: Premio do Público en Sevilla, Art Cinema en Hamburgo, Carmel en Haifa, Mellor filme e Premio Carlos Velo en Ourense, Mellor actriz en Valladolid, presenza na Semana da Crítica de Cannes... Os seus valores artísticos e de conciencia social fixérona merecedora do prestixioso LUX Film Prize, un galardón do Parlamento Europeo que premia os filmes que mellor representan os actuais retos da cidadanía europea.

Fotogramas volcánicos

A illa de Islandia, ben coñecida polos seus volcáns e espectaculares paisaxes, era até hai ben pouco toda unha descoñecida no mundo do cinema. Unha talentosa xeración de cineastas, entre os que destaca **Benedikt Erlingsson**, director d'*A muller da montaña*, leva case unha década impoñéndose en festivais internacionais. Aínda que cada cineasta ofrece o seu persoal universo creativo, son habituais no novo cinema islandés temas como a incomunicación e a soidade, tanto física como emocional, as relacións familiares conflitivas e a natureza entendida como paisaxe. A súa orixe volcánica, orografía escarpada e frío extremo condicionan as relacións das persoas entre si e co reino animal, outro dos habituais protagonistas desta cinematografía.

Para atopar o primeiro filme do país ártico nomeado aos Oscar temos que remontarnos a 1991 con *Fillos da natureza* de Fridrik Thor Fridriksson, no que se escenifican xa as contradicións campo – cidade e o conflito interxeracional. Máis apegado aos xéneros clásicos como o thriller e o melodrama, atopamos o gran referente do cinema islandés nos comezos do século XXI, Baltasar Kormákur, tamén nomeado aos Oscar en 2012 con *The Deep*.

Porén, será no último lustro cando o cinema islandés arranque definitivamente

cunha serie de filmes intimistas, profundos, non exentos dun moi peculiar sentido do humor, aclamados por crítica e público. Podemos destacar títulos como *Corazón xigante* (2016) —emocionante historia de amor entre dous corazóns solitarios—, *Rams* (o val dos carneiros) —Mellor filme na sección Unha certa mirada de Cannes 2015—, *Sparrows* —Mellor filme en San Sebastián 2015— ou a comedia de enredo *Novos veciños* (2017).

A estrea d'*A muller da montaña* a finais de 2018 e moi especialmente a obtención do LUX Film Prize supuxo a consolidación definitiva dunha cinematografía que acadou xa voz propia no circuito internacional. Unha serie de cineastas novos, moitos deles na súa segunda ou terceira longametraxe, atópanse en plena madurez creativa e con cada creación conquistan a crítica e público de todo o planeta. É o caso de **Benedikt Erlingsson**, creador polifacético que se inicia como director teatral de grande éxito, comezando no cinema como guionista e actor. A súa opera prima chega en 2013 con *De cabalos e homes*, aguda comedia do absurdo que leva ao extremo a sempre complexa relación entre homes e animais. O filme foi premiado na sección *Nuevos director@s* de Donostia, o que abriu o cineasta de Reikiavik a novas posibilidades de produción que desembocan n'A



muller da montaña, un dos alegatos máis contundentes que se recordan contra as industrias contaminantes.

Non podemos deixar de salientar o excelso traballo interpretativo de **Halldóra Geirharðsdóttir**, actriz, directora de teatro e música islandesa que xa traballara con Erlingsson en *De cabalos e homes*. O seu dobre papel como muller da montaña —Halla— e a súa espiritual irmá xemelga —Asa— acada elevadas cotas de destreza actoral. O seu rostro e expresión corporal viaxan en cuestión de segundos da ira ao acougo, da expresión candorosa e amigable á incompreensión e o anoxo. Modulacións de carácter e estados de ánimo que a levaron a ser nomeada a mellor actriz aos Premios do Cinema Europeo e gañar en Valladolid, Montréal ou os premios Edda islandeses.



Obxectivos e metodoloxía



Prácticas sostibles no día a día.

Analizar as consecuencias no medio natural do uso de combustíbeis fósiles xeradores de gases de efecto invernadoiro e promover solucións cotiás ao alcance do alumnado.



Grandes accións directas vs. Pequenos actos individuais.

Confrontar os dous modelos presentados no filme como mecanismos de transformación e progreso.



Natureza e historia de Islandia.

Aproximar o alumnado a un dos ecosistemas máis extremos e abraiante do planeta. O pobo viquingo, primeiras formas de parlamentarismo.



Técnicas de distanciamento crítico

densenvolvidas no filme a partir das teorías de Bertolt Brecht.



Os dobres no cinema. Teórica e práctica das técnicas de duplicado dun actor en escena.



Lendas e superheroes contra o poder. Robin Hood e Guillermo Tell.

Metodoloxía

No estudo e análise d'*A muller da montaña* solicitarase do alumnado un **uso responsable e informativo de internet e as novas tecnoloxías** como ferramenta de estudo, na procura de novas de actualidade relacionadas cos temas tratados polo filme —cambio climático, desenvolvemento sostible— ou ben no contraste de fontes históricas —o pobo viquingo, Robin Hood...

En diversas ocasións os rapaces e rapazas procurarán **exemplos concretos das materias propostas na súa vida cotiá**, para afianzaren así a capacidade de análise comparada e a aprendizaxe significativa.

Combinaranse os exercicios que fomenten a comprensión e análise de texto co desenvolvemento da expresión oral e escrita e favorecerase o desenvolvemento de **debates na aula e a capacidade de oratoria** de cada un ou unha das participantes. Así mesmo, inclúense exercicios de posta en valor da **creatividade**, con actividades de educación plástica, tratamento gráfico da imaxe e o uso de ferramentas de edición que han ser esenciais en diversos eidos educativos e laborais de hoxe en día.



DEFENDER A MONTAÑA



A loita concreta de Halla contra a contaminante industria do aluminio encerra unha alerta moito máis global. O actual sistema económico e político, baseado na explotación de recursos naturais e o transporte de persoas e mercadorías en todo o planeta, provoca a emisión a grande escala de CO₂, principal responsable do efecto invernadoiro. As súas consecuencias —suba das temperaturas, desxeo dos casquetes polares, ascenso do nivel do mar...— están a causar danos irreparables no ambiente mais tamén na calidade de vida do ser humano: catástrofes naturais, desprazamentos de poboación, escaseza de auga potable, fame...

Desde hai décadas as organizacións ecoloxistas e do terceiro sector veñen alertando dos riscos que comporta o sistema de produción e transporte de mercadorías globalizado e, se ben é certo que cada ano se incrementa a produción de enerxías renovables, os últimos estudos indican que cara a 2040 a dependencia do carbón e o petróleo será aínda do 70 % do consumo mundial. Así nolo recorda *A muller da montaña* nunha secuencia na que Halla vai cambiando de canle na televisión mentres realiza exercicios de relaxación. Os textos que se van solapando denuncian, por



unha banda, as sabotaxes cometidas pola muller nos informativos locais, ao tempo que, nun documental ecoloxista, alertan das dramáticas consecuencias do cambio climático:

TEXTO 1

«Son delitos organizados contra a nación islandesa que serán debidamente castigados. O goberno seguirá desenvolvendo a industria. En Alemaña fálase de ecoloxistas radicais e a BBC... É un ataque á industria pesada islandesa. Se seguen así ninguén quere investir na nosa industria»

TEXTO 2

«Reaccionamos amodo, e o cambio climático avanza rapidamente. O noso estilo de vida lévanos a un final apocalíptico. É un desastre natural do cal só os dinosauros poderían contarnos máis. Cidades como Ámsterdam, Copenhague e Londres enfrontanse a un futuro incerto.»



ACTIVIDADE 1

Q Os responsables políticos do primeiro texto falan de *delitos organizados*. Cres que os actos de Halla están xustificados polas agresións ao ambiente? Poderíamos chegar a considerar estas agresións ao medio tamén como un *delito organizado*?



Q No documental fálase das consecuencias do cambio climático. Que teñen en común cidades como Ámsterdam, Copenhague ou Londres para se fale do seu incerto futuro? De que maneira se poden ver afectadas? Explica e razónao.

Q Nomea 5 efectos do cambio climático que ameazan o medio natural e a vida no planeta.

ACTIVIDADE 2

E ti que fas contra o cambio climático? Pon 5 exemplos concretos do teu día a día que son útiles na loita contra a contaminación e a produción de gases de efecto invernadoiro.

ACTIVIDADE 3

Nos últimos tempos as xeracións novas téñense significado na loita contra o cambio climático, con importantes mobilizacións a escala planetaria e o xurdimento dunha líder de masas como Greta Thunberg. Investiga na rede cales son as súas principais reivindicacións e comparte algún vídeo ou imaxe ilustrativa.



HALLA VS. ASA



As dúas irmás xemelgas, Halla e Asa, queren mellorar o mundo pero para conseguilo desenvolven estratexias antagónicas. Halla propón accións espectaculares con importante eco mediático para concienciar a poboación sobre un problema extremadamente grave que require unha resposta urxente. Asa, porén, próxima á filosofía oriental, defende a importancia das pequenas accións cotiás con consecuencias limitadas pero palpables, segundo as súas propias palabras: «a pinga erosiona a pedra».

A noticia da inminente adopción de Nika suporá un punto de inflexión nas posturas até o momento irreconciliables das irmás. Tal e como afirma Asa, salvar a Nika, sacala do illamento e da miseria, tamén é salvar o mundo. Deste modo, dúas posturas que parecían irreconciliables finalmente encóntranse.



ACTIVIDADES

Recuperamos as palabras de Asa cando lle di á súa irmá: «Vas salvar unha nena e con ela o mundo». Na túa opinión que significa esta frase?

Dividimos a aula en grupos de maneira que argumenten sobre a idoneidade de cada unha destas posturas: as accións espectaculares e mediáticas de Halla fronte aos pequenos actos discretos e concretos de Asa. Cada grupo deberá defender a súa postura independentemente da súa opinión persoal, ensaiando así o intercambio de ideas e ensaiar así expresión oral e a construción colectiva de argumentos. Algunhas guías para a conversa poden ser:

- Q Cres que realmente as accións de Halla teñen impacto sobre a industria do aluminio?
- Q Están dirixidas aos promotores da factoría ou aos medios de comunicación?
- Q Paga a pena arriscar a integridade física, a reputación persoal ou o posto de traballo en defensa dunha causa tan difícil de acadar?
- Q Os actos diarios de Asa —exercicios de meditación, vida sostible, consumo ecolóxico— fan que a súa vida sexa máis saudable, pero realmente melloran a vida dos demais? Trátase dunha praxe individual ou colectiva? Podería unha persoa con poucos recursos económicos levar a cabo unha vida similar?



Todo é extremo en Islandia. As singulares características xeográficas, climáticas e xeolóxicas obrigan os seus habitantes a gardar unha relación moi estreita e peculiar co medio. Non en van considérase como unha das illas da Terra de maior tamaño que permaneceron máis tempo sen habitantes regulares. Non foi até o século IX cando os primeiros colonos viquingos chegaron a Islandia fuxindo das guerras civís que tiñan lugar en Noruega. A bordo dos seus *drakkar*, este temido pobo guerreiro, baixo o mando de Erik o Vermello, partiu de Islandia en diversas expedicións nas que descubriron Groenlandia e realizaron as primeiras visitas de habitantes europeos ao que hoxe coñecemos como América.

A pesar da súa xuventude e da sona sanguinaria do pobo viquingo, Islandia desenvolveu axiña un sistema parlamentario propio que hoxe en día se considera como o máis lonxevo do mundo. Trátase do *Alþingi*, que durante o século X reunía os propietarios das terras ou *godí* para tomar decisións que debían ser acatadas por todos os clans ou *godords*. Nos seguintes séculos mantívose unha importante conflitividade política con sucesivas

ocupacións dos reinos de Dinamarca e Noruega até que, unha vez rematada a I Guerra Mundial, Islandia queda proclamado Estado soberano en 1918.

Este pequeno país, neutral durante a II Guerra Mundial e habitualmente afastado do foco mediático, acaparou as portadas de todo o mundo en 2008 cando, en plena crise financeira mundial, o goberno de Islandia desoe o mandato do Fondo Monetario Internacional de rescatar os bancos, poñendo por diante o benestar dos seus habitantes. Cinco anos despois a illa volcánica era o país da OCDE (Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos) con maior índice de crecemento.

No tocante ao clima islandés cómpre destacar que é, como corresponde a un territorio da súa latitude, moi frío, se ben a presenza do mar suaviza relativamente as temperaturas. Desde xeito no inverno as mínimas adoitan roldar os -10°C na costa e os -25°C no interior, con mínimas históricas próximas aos -40°C . Precisamente as terras altas do interior, onde está gravada *A muller da montaña*, protagonizan as temperaturas máis extremas. Pero o elemento máis

destacable e o que máis condiciona as relacións sociais da poboación islandesa é a duración do inverno, con 5 meses nos que as horas de luz non superan as 4 ou 5 ao día. Nos meses de setembro e abril, ademais, é doado observar auroras boreais, espectacular fenómeno provocado polo choque de partículas solares cos campos magnéticos da Terra.

Por se isto fose pouco non debemos esquecer a orixe volcánica da illa de Islandia. Situada no límite da placa euroasiática e a norteamericana, a inestabilidade tectónica é unha característica endémica da illa. Calcúlase que hai até 130 volcáns en toda Islandia, 30 deles activos. O seu potencial destrutivo puido percibirse en 2010 coa erupción do Eyjafjallajökull, cuxa nube de cinza paralizou o tráfico aéreo europeo durante varias semanas. Esta actividade complétase nos fondos submarinos coa presenza de volcáns completamente mergullados ou na recente formación de illas, como Surtsey ou Jólnir, en pleno século XX.



ENTRE O XEO E O LUME



ACTIVIDADES

Dividimos a aula en grupos para que procuren información na rede ou en bibliografía complementarias sobre a historia e características climáticas de Islandia. Podemos acompañar a pescuda dunha liña de tempo cos diferentes sucesos históricos e ilustracións de cada fenómeno en forma de mural. Algunhas pistas poden ser as seguintes:

- Q Historia: os vikingos, o parlamento islandés ou *alpingi*, neutralidade durante a II Guerra Mundial, negativa ao rescate bancario en 2008.
- Q Clima e orografía: Glaciares, pozas termais de orixe volcánica, ausencia de arboredo, neves perpetuas.
- Q Aurora boreal





Unha das características máis sorprendentes d'*A muller da montaña* é a presenza da música no filme. Se habitualmente a banda sonora no cinema se introduce de maneira *extradiexética*, é dicir escoitamos a música sen ver en pantalla os instrumentos ou persoas que xeran os sons, no caso do filme de Erlingsson a música aparece de maneira orgánica en escena, mesmo coa interacción entre os músicos e a protagonista nalgúns escenas. Esta estratexia radical, moi pouco habitual no cinema de ficción, parte das teorías do teatro épico de Bertolt Brecht, que chamaba a introducir na propia escena elementos que nos recordasen que aquilo que estamos a ver non é a realidade, senón unha ficción construída polo autor ou autora. En entrevistas co cineasta islandés atopamos alusións directas a este procedemento:

«En teatro, o coro sempre está presente, como o *verfremdung* ou distanciamento das obras de Bertolt Brecht, por exemplo. É unha mágoa que non se teña usado máis no cinema. Aínda que Fellini sempre consideraba os músicos como parte da realidade representada, e tamén está esa comedia, *Algo pasa con Mary* (Peter & Bobby Farrelly, 1998) onde aparecen trobadores. Esta banda local e o coro ucraino representan as voces na cabeza da protagonista, que tentan convencela de que abandone a súa arrotada misión e salve a nena que quere adoptar. Sempre están en conflito».

Mentres o cinema convencional nos convida habitualmente a deter o noso xuízo para facernos crer todo o que vemos en pantalla, a aparición de músicos ou cantantes recórdanos n'*A muller da montaña* que estamos ante unha ficción e ofrécelle ao espectador unha participación activa no relato. Existen moi diversos mecanismos nos que o cinema ten apelado directamente o espectador e o fai espertar espertar da sensación ilusiva á que habitualmente nos convida o cinema clásico. Algúns exemplos ilustres poden ser os seguintes:



- ✚ Traspaso da «cuarta parede» e apelación directa ao espectador: *Pierrot le fou* (Jean-Luc Godard, 1965): <https://www.youtube.com/watch?v=9roYGIWyHsE>
- ✚ Eliminación dun escenario realista, reducido a simples liñas sobre o chan que debe contar coa participación activa do público para completar a escena: *Dogville* (Lars von Trier, 2003): <https://www.youtube.com/watch?v=klTPPLXprg>
- ✚ Introducción dentro dunha narrativa lineal convencional dun coro que dialoga cos personaxes ou lle ofrece conclusións á audiencia: *Poderosa afrodita* (Woody Allen, 1996): <https://www.youtube.com/watch?v=7vbfeCyNuq8>
- ✚ Ou, seguindo o exemplo indicado polo director nórdico, o arranque de *Algo pasa con Mary*, onde o autor da banda sonora, neste caso o músico Jonathan Richman, aparece encarnado en pantalla: <https://www.youtube.com/watch?v=41vfuw-qNvA>



ACTIVIDADE

Unha vez amosadas as diferentes tipoloxías e usos do distanciamento brechtiano, pedirémolle ao alumnado que localice exemplos similares que se puideron ver no filme e argumente a súa utilidade neste mesmo. Algunhas preguntas que poden guiar o razonamento son:

- Q Por que cres que o cineasta decide incluír a banda de música dentro das escenas?
- Q Cres que se escoitásemos a música pero non vísemos os intérpretes a nosa recepción variaría? En que sentido?
- Q Cres que como espectadores debemos ser conscientes en todo momento das intencións do director ou estás máis cómodo/a sentindo o cinema como unha ilusión? Que utilidade lle ves a cada un destes procedementos?



A TRAVÉS DO ESPELLO



O extraordinario traballo da protagonista d'*A muller da montaña*, Halldóra Geirharðsdóttir, acada máis relevancia se temos en conta que interpreta dúas personaxes que, en ocasións, coinciden en pantalla: a enérxica e impetuosa Halla e a súa irmá xemelga, a pausada e espiritual Asa. Alén do estupendo traballo de caracterización e vestiario que define o carácter de cada unha das irmás, foi precisa unha interpretación moi fina por parte da actriz, que por medio de pequenas expresións do rostro e a mirada nos permite en todo momento detectar con cal das irmás se mimetizou. Pero, no campo da filmación, como se consegue este efecto? De que maneira podemos filmar nun mesmo plano a mesma actriz dúas veces?

O primeiro cineasta en conseguir este efecto foi George Méliès, un dos grandes ilusionistas da historia do cinema que en *Le portrait mystérieux* (1899) (<https://www.youtube.com/watch?v=FBoUvCP5KaI>) se gravaba a si mesmo dúas veces en pantalla, se ben nunha delas realmente se trataba dunha proxección sobre o cadro que vemos en imaxe. Co paso dos anos e os avances técnicos este procedemento foise perfeccionando, como podemos comprobar n'*O grande espectáculo* (1921)

do xenial Buster Keaton (<https://www.youtube.com/watch?v=1QP2fn02KG8>) ou en *A través do espello* (Robert Siodmak, 1946), no que vemos a emblemática actriz Olivia de Havilland encarnando dúas irmás, unha delas inocente e outra asasina. Para acadar este efecto son moitos os procedementos posibles, desde empregar dobres de corpo para os planos nos que non se ven ambos os rostros, até as técnicas máis modernas de trucaxe dixital. Porén, o máis habitual é recorrer á pantalla partida, na que cada fotograma contén dúas gravacións diferentes da mesma actriz ou actor, estratexicamente situados á esquerda ou dereita da escena. Para que non se perciba a unión entre os planos, procúrase un fondo neutro ou ben un elemento simétrico que faga efecto de espello.

No caso d'*A muller da montaña* podemos atopar diferentes exemplos de pantalla partida, como os fotogramas adxuntos nos que se bota man dun elemento lineal, xa sexan os azulexos da piscina ou as divisións entre os armarios do vestiario para simular con total verosimilitude a convivencia no plano de imaxes filmadas por separado.



A TRAVÉS DO ESPELLO



ACTIVIDADE

Propoñemos un exemplo práctico moi similar ao realizado no filme pero, en lugar de imaxe en movemento, recorreremos á imaxe fixa.

Empregaremos dúas fotos dunha mesma persoa; podemos ser nós mesmos ou un compañeiro ou compañeira, que, situadas á par, simulen unha mesma unidade escénica. Para iso podemos procurar fondos neutros (ceo, unha parede monocromática) ou facer coincidir a xuntura das imaxes cun elemento divisor (liñas xeométricas verticais). Cómpre ter en conta tamén a escala da imaxe, para que unha das figuras non se vexa moito máis grande ou pequena que a outra.

Pódese realizar o exercicio como traballo manual, con imaxes impresas, ou dixitalmente a través de programas de tratamento da imaxe (photoshop ou gimp).



ENTRE A REALIDADE E A LENDA



As imaxes máis emblemáticas d'A *muller da montaña* son aquelas nas que vemos a protagonista armada cun arco e varias frechas apuntando o tendido eléctrico. Esta loita sen cuartel botando man das frechas contra un símbolo do poder relaciona a Halla con dous personaxes lendarios e ben coñecidos en cuxa historia, como é habitual nestes casos, se funden realidade e mito.

Temos por unha banda a Guillermo Tell, personaxe lendario da independencia de Suíza que, segundo o folclore helvético, viviu no século XV, se ben non hai ningunha proba documental da súa existencia real. Ficticia ou non, a lenda conta que Tell era un besteiro famoso pola súa puntaría. Un día, paseando pola praza maior da súa vila, negouse a axeonllarse ante un sombreiro que representaba a Casa de Habsburgo que gobernaba de maneira despótica o condado. Como castigo o gobernador condenouno a disparar coa súa béstia contra unha mazá verde... situada sobre a cabeza do seu fillo. Tras acertar de pleno no seu albo Guillermo Tell remata empregando unha segunda frecha sobre o gobernador e desencadea unha sublevación popular que se sitúa como un dos alicerces da independencia suíza.

Máis célebre aínda é a figura de Robin Hood ou Robin dos bosques, arquetipo do bandido xusticeiro que rouba os ricos para repartir o botín entre os máis necesitados. De novo descoñécese a ciencia certa se as diferentes lendas que narran as súas peripecias teñen base real pero, unha vez máis, o mito impúxose e creou un dos heroes populares máis queridos do planeta. Segundo as versións máis estendidas, Robin Hood era un proscrito que andaba ao seu aire no mesto bosque de Sherwood, onde asaltaba homes de diñeiro para, supostamente, agasallar os pobres da zona. Alcumado tamén «o príncipe dos ladróns», o seu mito gañou os corazóns dos campesiños na súa loita contra a avaricia e a crueldade do rei Xoan sen Terra na Inglaterra do século XII. Aínda que as dúbidas sobre a súa existencia e a suposta vontade altruísta das súas accións son cada vez máis importantes, no imaxinario colectivo Robin Hood ficará para sempre como símbolo dos desposuídos do sistema.



ENTRE A REALIDADE E A LENDA



ACTIVIDADE

Pedimos por grupos que o alumnado investigue nas figuras de Guillermo Tell e Robin Hood e responda as seguintes preguntas:

- Q Atopas algunha similitude entre as accións destes seres lendarios e os da Halla no filme?
- Q Cres que se moven por intereses individuais ou colectivos?
- Q Todos eles desafiaron a legalidade vixente do seu tempo; cres que isto está xustificado? En que casos si e en cales non?

Q Descoñécese con certeza se Tell e Hood existiron realmente. Cres que a súa existencia ten importancia ou é máis importante a aprendizaxe que poidamos tirar das súas historais, reais ou non?

Q Hai algún superheroe actual que encarne os mesmos valores de axuda aos máis necesitados ou oposición ao poder despótico? Busca 1 ou 2 exemplos e xustifícaos.



Robin dos bosques
(Michael Curtiz, 1938)




FOTOGRAMAS ÁRTICOS

Propoñémosvos un paseo por diversos filmes que retrataron a illa volcánica, desde os principais fitos do cinema islandés até os traballos de autores foráneos que ficaron cativados pola espectacular paisaxe local.



Cando fomos bruxas
(Nietzchka Keene, 1990)



101 Reikaivik
(Baltasar Kormákur, 2000)



Xogo de tronos
(David Benioff, 2011, tv)



Atrapados (Trapped)
(Baltasar Kormákur, 2015, tv)



A vida secreta de Walter Mitty (2013)



Na vibración
(Lois Patiño, 2012)



Rams (o val dos carneiros)
(Grímur Hákonarson, 2016)



Fillos da natureza
(Fridrik Thor Fridriksson, 1991)



Sparrows
(Rúnar Rúnarsson, 2015)



Corazón xigante
(Dagur Kári, 2015)



Unha illa non é tanto un accidente xeográfico como un trazo do carácter. O director Benedikt Erlingsson sábeo. Non só vive nunha senón que, ademais, converteu a súa condición de islandés non tanto errante como ferrado en sinatura. Se *De cabalos e homes* era unha fábula estraña de humor agre e escuro sobre as peculiaridades da condición de cuadrúpede equino no medio do océano, agora todo son couces. *A muller da montaña* é un alegato feminista, anticapitalista e, apurando, apocalíptico, pero, e sobre todo, é o retrato dunha muller decidida a converter as súas conviccións en fonte de inspiración. Para todos. Un fermoso, enérxico e esquinado relato sobre, outra vez, a apocalipse. Esta que pisamos.

Luis Martínez
EL MUNDO

Outra xenialidade máis de Benedikt Erlingsson, ao engadir momentos musicais do grupo que se encargou da magnífica banda sonora do filme, ao máis puro estilo brechtiano para sacar o espectador da ilusión da ficción e lembrarlle que o que está a ver é a máis crúa realidade. Un coro grego perfecto que acompaña esta Artemisa moderna. Frechazo inmediato cinéfilo nun dos filmes europeos do ano, co final máis intelixente que se filmou desde hai moito tempo sobre este tema. Nada de discursos repetitivos, pura imaxe dunha triste realidade.

Carlos Loureda
FOTOGRAMAS

Sempre tiveches claro que a protagonista sería unha muller?
A historia pedíao, non era por ser politicamente correcto. As mulleres adoitan participar activamente na loita por protexer as montañas e nas loitas ambientais en xeral. Como Berta Cáceres Flores, a activista medioambiental hondureña asasinada en 2016, ou Sigríður Tómasdóttir, que no século XIX conseguiu protexer unha fervenza que hoxe é a principal atracción turística de Islandia. Crieime con Pippi Mediaslongas, que me influíu tanto como influíu na miña filla.

Entrevista con Benedikt Erlingsson
CINEUROPA.ORG

A MULLER DA MONTAÑA

[Benedikt Erlingsson, 2018]

NUMAX NA ESCOLA #04

escola@numax.org

FICHA TÉCNICA

Kona fer í stríð, 2018

Duración: 101 minutos

Idioma orixinal: Islandés

Dirección: Benedikt Erlingsson

Guión: Ólafur Egilsson, Benedikt Erlingsson

Elenco: Halldóra Geirharðsdóttir, Jóhann Sigurðarson, Juan Camilo Roman Estrada, Jörundur Ragnarsson

Montaxe: David Alexander Corno

Dirección de arte: Snorri Freyr Hilmarsson, Lucia Malysko, Anna Maria Tomasdóttir

Vestuario: Harpa Finnsdóttir, Rannveig Gísladóttir, Rebekka Jónsson

Son: Raphael Sohler, François de Morant, Aymeric Devoldère

Música: David Thor Jonsson

Fotografía: Eduard Grau

Produtoras: Slot Machine, Gulldrengurinn, Vintage Pictures, Nordisk Film (Islandia, Ucraína, Francia)

Distribución en España: Avalon

PREMIOS

LUX Prize 2018 (Mellor Filme), Cannes 2018 (Semana da Crítica), Sevilla (Premio do Público), Valladolid 2018 (Mellor Actriz), Ourense 2018, (Premio Carlos Velo ao Mellor Filme), Haifa 2018 (Premio Carmel), Hamburgo 2018 (Premio Art Cinema)

FILMOGRAFÍA DO DIRECTOR

A muller da montaña (2018)

De cabalos e homes (2013)

MATERIAIS RELACIONADOS

- 📌 Entrevista exclusiva co director d'A muller da montaña. "Temos que salvar o mundo agora": <https://cineuropa.org/es/video/359476/>
- 📌 Días de Cine "Fábula dunha muller": <https://www.rtve.es/alacarta/videos/dias-de-cine/mujer-montana/5050201/>
- 📌 Mozos e mozas españolas contra o quentamento global: <https://www.rtve.es/alacarta/videos/para-todos-la-2/jovenes-espanoles-contracalentamiento-global/5386990/>
- 📌 Que se pode facer contra o cambio climático? <https://lucera.es/blog/medidas-reducir-cambio-climatico>
- 📖 *Contra el cambio. Un hiperviaje al apocalipsis climático*, Martín Caparrós (Anagrama, 2010)
- 📖 *Los cambios climáticos*, Armando Arberola Romá (Cátedra, 2014)
- 📖 *Guía de ecología cotiá* (Baía, 2008)
- 📖 *Sagas heroicas de Islandia* (Miraguano, 2016)
- 📖 *Desobediencia civil y otros escritos*, Henry David Thoreau (Errata Naturae, 2015)

Esta unidade didáctica foi realizada pola cooperativa NUMAX ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia

CONCEPCIÓN E REDACCIÓN
Xan Gómez Viñas (NUMAX na Escola)

DESEÑO GRÁFICO
Laboratorio NUMAX

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal 9, baixo
15702 Santiago de Compostela
TFNO.: 981 560 250 | www.numax.org